



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016000	Compostela	Santiago de Compostela	2018/2019

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC01	Educación infantil	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0017	Habilidades sociais	2018/2019	4	123	123

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANA MARÍA NEIRA BEADE
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A concreción do currículo establecido polo Decreto 226/2008 atense ás características do contorno produtivo e á súa evolución ao longo dos últimos tempos.

Segundo o establecido na citada norma as ocupacións e os postos de traballo máis salientables para as técnicas e técnicos en educación infantil son os seguintes:

- Educador ou educadora infantil no primeiro ciclo de educación infantil, sempre baixo a supervisión dun mestre ou dunha mestra, en institucións públicas e privadas.
- Educador ou educadora en institucións ou en programas específicos de traballo con menores (de cero a seis anos) en situación de risco social, ou en medios de apoio familiar, seguindo as directrices doutros profesionais.
- Educador ou educadora en programas ou actividades de lecer e tempo libre infantil con menores de cero a seis anos: ludotecas, casas de cultura, bibliotecas, centros educativos, centros de lecer, granxas escola, etc.

No ámbito da educación formal o Decreto facía a previsión de que a crecente demanda dunha maior calidade do servizo debería provocar un descenso no número de alumnos e alumnas por aula, xunto coa xeneralización progresiva de dous membros do profesorado impartindo docencia conxunta, o que, en consecuencia, debería supor un aumento no número de postos de traballo. Neste sentido pódese xulgar a situación vivida no noso país durante os anos 2008 e 2009 coa creación da rede galega de escolas infantís (galescolas), hoxe en día Rede de escolas infantís de Galicia A galiña azul, que adoptaron como trazo de identidade do seu proxecto educativo a parella educativa, o que supuxo o acceso ao mundo laboral de moitas persoas tituladas. Os cambios xurdidos no goberno e a crise económica xustificaron o abandono do modelo inicial e aínda que as escolas postas en marcha seguen funcionando, non se seguiron producindo novas incorporacións á rede nin coa mesma velocidade, nin nas mesmas condicións.

Polo que respecta ao sector educativo e social o Decreto prevía a implantación progresiva de sistemas e procesos de calidade que garantan a eficacia e a mellora dos servizos o que necesariamente deberíalle esixir tamén maiores capacidades relacionadas coa elaboración, o seguimento e o cumprimento de protocolos nos ámbitos educativo e social. A verdade é que ata o de agora, no noso contexto, as técnicas e técnicos en educación infantil aínda non conseguiron facerse presentes dun xeito claro neste sector.

E finalmente no referente á educación non formal o perfil profesional evoluciona cara a unha maior capacidade de adaptación a diferentes ámbitos e a un aumento das funcións relacionadas coa coordinación e a mediación con familias, debido a que a normativa de conciliación da vida familiar e laboral vai producindo unha diversidade de servizos complementarios de lecer e tempo libre dirixidos a nenos e nenas destas idades.

O módulo de Habilidades Sociais é un dos módulos que conforman a formación no centro educativo no Ciclo Superior de Técnico en Educación Infantil. As aprendizaxes previstas para este módulo aparecen recollidas no citado Decreto 226/2008 que desenvolve, á súa vez, o Real decreto 1394/2007 que establece o título de técnico superior en educación infantil e as súas correspondentes ensinanzas mínimas.

Neste sentido o Decreto 226/2008 establece que o módulo de habilidades sociais terá unha duración de 123 horas lectivas, cunha equivalencia de 6 créditos ECTS (European Credit Transfer System), o que nos fai estimar una adicación mínima do alumnado dunhas 150-180 horas. Unha das características fundamentais nas que este módulo se diferencia doutros do ciclo, é porque non é un módulo dirixido exclusivamente ao traballo directo con nenos/as, senón que ten nunha orientación ampla e deseñada co ánimo de que a/o futura/o técnica/o conte coas ferramentas axeitadas para poder desenvolverse en distintos ámbitos como pode ser: as relacións institucionais, as relacións coas familias, co equipo profesional ou mesmo con outros profesionais que traballen no eido socioeducativo.

Competencias profesionais, persoais e sociais vinculadas ao módulo de Habilidades Sociais.

O decreto que regula o título tamén contempla as competencias que se pretende que acaden as persoas que cursen o módulo. Por competencia entendemos o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes adquiridas a través de procesos formativos ou da propia experiencia profesional, que permiten desenvolver determinadas funcións profesionais. É dicir, que se supón que as aprendizaxes acadadas neste módulo, garanten ante o mundo laboral que estes profesionais son capaces de:

- Deseñar e aplicar estratexias de actuación coas familias, no marco das finalidades e os procedementos da institución, para mellorar o proceso de intervención.



- Responder ás necesidades dos cativos e das cativas, así como das familias que requiran a participación de profesionais ou servizos, utilizando os recursos e os procedementos axeitados.
- Avaliar o proceso de intervención e os resultados obtidos, elaborar e xestionar a documentación asociada ao proceso, e transmitir a información co fin de mellorar a calidade do servizo.
- Manter actualizados os coñecementos científicos e técnicos relativos á propia actividade profesional, utilizando os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida.
- Manter relacións fluídas cos nenos e as nenas, coas súas familias, cos membros do seu grupo e con outro persoal profesional, amosando habilidades sociais e capacidade de xestión da diversidade cultural, e achegar solucións para os conflitos que se presenten na planificación e no desenvolvemento das actividades.
- Participar na vida económica, social e cultural cunha actitude crítica e de responsabilidade.

Unidade de competencia

Este módulo está asociado á Unidade de Competencia C1027_3: Establecer e manter relacións fluídas coa comunidade educativa e coordinarse coas familias, co equipo educativo e con outros profesionais.

Os obxectivos xerais especificados no anexo do decreto deste módulo son os seguintes:

- Seleccionar e aplicar dinámicas de comunicación e participación, analizando as variables do contexto e seguindo o procedemento establecido e as estratexias de intervención coas familias.
- Identificar necesidades dos nenos e das nenas, así como das familias que requiran a participación doutros profesionais ou servizos, e concretar os recursos de diagnóstico e de actuación, para dar unha resposta axeitada.
- Seleccionar e aplicar técnicas e instrumentos de avaliación en relación coas variables relevantes, e comparar os resultados co estándar establecido no proceso de intervención.
- Seleccionar e aplicar estratexias de transmisión de información en relación cos contidos que se transmitan, coa súa finalidade e cos receptores, para mellorar a calidade do servizo.
- Identificar e avaliar a contribución propia aos obxectivos da institución, e valorar a súa actividade profesional para a consecución deses obxectivos.
- Identificar as características do traballo en equipo, e valorar a súa importancia para mellorar a práctica educativa e lograr unha intervención planificada, coherente e compartida.
- Aplicar dinámicas de grupo e técnicas de comunicación no equipo de traballo, intercambiando información e experiencias para facilitar a coherencia no proxecto.
- Recoñecer os propios dereitos e deberes como axente activo da sociedade para o exercicio dunha cidadanía democrática.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permitirán alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- Selección e posta en práctica de estratexias que permitan o establecemento de relacións de comunicación e interpersoais adecuadas.
- Dinamización e condución de grupos, xestión eficaz dos conflitos e toma de decisións.
- Traballo en equipo: pequeno e gran grupo.
- Reflexión sobre as actitudes profesionais.
- Avaliación da competencia social profesional.

Así, o módulo profesional de Habilidades Sociais contén a formación necesaria para que o alumnado adquira as habilidades sociais necesarias para desenvolver o seu rol profesional e interactuar adecuadamente nas súas relacións profesionais con outras persoas, adaptando o seu comportamento ás características destas e ao contexto.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumnado adquira as habilidades sociais necesarias para desenvolver unha profesión de axuda e interactuar adecuadamente nas súas relacións profesionais con outras persoas, adaptando o seu comportamento ás



características destas e ao contexto.

Trátase dun módulo nomeadamente procedimental e actitudinal, en que se dá resposta ás seguintes funcións:

- de intervención ou execución que abrangue a recollida de información acerca das habilidades sociais que se posúen e das que se carece, a organización da actuación e a previsión de continxencias, o establecemento, de ser o caso, de axudas técnicas para a comunicación, e a posta en práctica das habilidades sociais adquiridas
- de avaliación da competencia social do persoal profesional, tanto no relativo ás relacións interpersoais como para a dinamización de grupos ou a participación neles desempeñando diversos papeis. Refírese ao control e o seguimento da propia evolución na adquisición da competencia social necesaria para se relacionar axeitadamente coas demais persoas no desempeño das súas funcións
- de xestión de conflitos que fai referencia á posta en marcha de todos os mecanismos dispoñibles para a súa solución e supón mediación e negociación.

Partindo das premisas anteriores elabórase a presente programación para o curso 2018-2019.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Comunicación e habilidades sociais	Nesta unidade didáctica achegarémonos aos conceptos básicos para o desenvolvemento deste módulo: ¿ A comunicación como ferramenta imprescindible para o desenvolvemento da súa futura práctica profesional. Exploración das súas dimensións verbal e non verbal. ¿ As habilidades sociais como as capacidades que nos permiten manter unha axeitada relación coas persoas defendendo os nosos dereitos e respectando os dos demais. Como persoas e como profesionais, non nace-mos con elas, apréndense, adóstranse e ata se contaxian. Ese contaxio masivo é o que pretende o desenvolvemento desta unidade. ¿ Asemade, achegarémonos aos conceptos de intelixencia emocional e social e á análise das súas repercusións nas relacións interpersonais.	38	25
2	Dinamización de grupos de traballo	A nosa vida persoal desenvólvese en moí diferentes grupos e ao longo da nosa vida profesional traballamos con diferentes grupos de persoas (compañeiros/as, nenos/as, pais/nais,...). Para o desenvolvemento dunha óptima práctica laboral precisamos coñecer e entender o desenvolvemento dos grupos e saber manexármolos na vida dos mesmos. A través desta unidades achegarémonos a ferramentas que nos permitan optimizar as nosas relación de traballo con diferentes persoas con moí diferentes funcións,cargos, formación, etc.	42	25
3	Condución de reunións	Unha das ferramentas fundamentais da práctica laboral das/dos técnicas/os de educación infantil son as reunións de traballo, reunións con compañeiros/as do equipo profesional do que formamos parte, reunións cos usuarios/as dos servizos, cos pais/nais dos/as cativos/as,.. Unha xuntanza non é só un grupo de persoas que quedan a unha hora determinada. Reunirse implica unha planificación, ter en conta uns obxectivos, etc., para sacar o máximo rendemento e produtividade ao noso tempo e traballo. Nesta unidade abordaremos as estratexias que nos permitirán dirixir, organizar e moderar reunións.	21	25
4	Xestión de conflitos e toma de decisións	O conflito é motor de cambio e un grande aliado sempre e cando a xestión do mesmo se desenvolva dun xeito eficaz. Nesta unidade coñeceremos os aspectos que o caracterizan, identificando as principais fontes de conflitos e as estratexias máis axeitadas para o manexo dos mesmos	22	25

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Comunicación e habilidades sociais	38

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Pon en práctica estratexias e técnicas para favorecer a comunicación e a relación social co seu contorno en relación cos principios da intelixencia emocional e social.	SI
RA5 - Avalia os procesos de grupo e a propia competencia social para o desenvolvemento das súas funcións profesionais, e identifica os aspectos susceptibles de mellora.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbóronse os principios da intelixencia emocional e social.
CA1.2 Valorouse a importancia das habilidades sociais no desempeño do labor profesional.
CA1.3 Caracterizáronse as etapas dun proceso comunicativo.
CA1.4 Identifícanse os estilos de comunicación, as súas vantaxes e as súas limitacións.
CA1.5 Valorouse a importancia do uso da comunicación verbal e non verbal nas relacións interpersoais.
CA1.6 Estableceuse unha eficaz comunicación para asignar tarefas, recibir instrucións e intercambiar ideas ou información.
CA1.7 Utilizáronse as habilidades sociais adecuadas á situación e atendendo á diversidade cultural.
CA1.8 Demostrouse interese por non xulgar as persoas e respectar os seus elementos persoais diferenciadores: emocións, sentimentos e personalidade.
CA1.9 Demostrouse unha actitude positiva cara ao cambio e cara á aprendizaxe a partir de todo o que sucede.
CA1.10 Valorouse a importancia da autocrítica e da autoavaliación no desenvolvemento de habilidades de relación interpersoal e de comunicación axeitadas.
CA1.11 Valorouse a implicación de cada unha das persoas que forman parte do grupo, a capacidade para organizarse e resolver os conflitos que puidesen xurdir.
CA5.1 Seleccionáronse os indicadores de avaliación.
CA5.3 Autoavaliouse a situación persoal e social de partida.
CA5.4 Deseñáronse instrumentos de recollida de información.
CA5.5 Rexistráronse os datos en soportes establecidos.
CA5.6 Interpretáronse os datos recollidos.
CA5.7 Identifícanse as situacións que cumpra mellorar.
CA5.8 Marcáronse as pautas de mellora.



4.1.e) Contidos

Contidos
Relacións interpersoais e percepción social.
Programas e técnicas de comunicación e habilidades sociais. escoita activa, empatía, asertividade e autocontrol.
Intervencións en público: materiais de apoio.
Análise dos factores que inflúen na percepción social e na formación de impresións. Estereotipos, prexuízos e discriminación.
Habilidades sociais, competencia social e conceptos afíns.
Análise da relación entre comunicación e calidade de vida nos ámbitos de intervención.
Proceso de comunicación. Comunicación verbal e non verbal.
Valoración comunicativa do contexto: facilitadores e obstáculos na comunicación.
Valoración da importancia das actitudes na relación de axuda.
Intelixencia emocional. Educación emocional. Emocións e sentimentos.
Mecanismos de defensa.
Recollida de datos: técnicas.
Avaliación da competencia social.
Valoración da autoavaliación como estratexia para a mellora da competencia social.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Dinamización de grupos de traballo	42

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Dinamiza o traballo do grupo aplicando as técnicas adecuadas, e xustifica a súa selección en función das características, a situación e os obxectivos do grupo.	SI
RA5 - Avalía os procesos de grupo e a propia competencia social para o desenvolvemento das súas funcións profesionais, e identifica os aspectos susceptibles de mellora.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense os elementos fundamentais dun grupo, a súa estrutura, a súa dinámica e os factores que os poidan modificar.
CA2.2 Analizáronse e seleccionáronse as técnicas de dinamización e funcionamento de grupos.
CA2.3 Explicáronse as vantaxes do traballo en equipo fronte ao individual.
CA2.4 Diferenciáronse os papeis que se poden dar nun grupo e as relacións entre eles.
CA2.5 Identifícanse as principais barreiras da comunicación grupal.
CA2.6 Formuláronse estratexias de actuación para aproveitar a función de liderado e os papeis na estrutura e no funcionamento do grupo.
CA2.7 Definiuse o reparto de tarefas como procedemento para o traballo en grupo.
CA2.8 Valorouse a importancia dunha actitude tolerante e de empatía para conseguir a confianza do grupo.
CA2.9 Logrouse un ambiente de traballo relaxado e cooperativo.
CA2.10 Respectáronse as opinións diferentes da propia e os acordos de grupo.
CA2.11 Valorouse a implicación de cada unha das persoas que forman parte do grupo, a capacidade para organizarse e resolver os conflitos que puidesen xurdir.
CA5.2 Aplicáronse técnicas sociométricas e de investigación social.
CA5.4 Deseñáronse instrumentos de recollida de información.
CA5.5 Rexistráronse os datos en soportes establecidos.
CA5.6 Interpretáronse os datos recollidos.
CA5.7 Identifícanse as situacións que cumpra mellorar.
CA5.8 Marcáronse as pautas de mellora.

4.2.e) Contidos

Contidos



Contidos

Tipoloxía e características dos grupos. Desenvolvemento grupal.

OA confianza no grupo.

Valoración do papel da motivación na dinámica grupal.

Toma de conciencia acerca da importancia de respectar as opinións non coincidentes coa propia.

Análise da estrutura e dos procesos de grupos.

Técnicas para a análise de grupos.

Valoración da importancia da comunicación no desenvolvemento do grupo.

Comunicación nos grupos. Estilos de comunicación. Comunicación verbal e xestual. Outras linguaxes: icónica e audiovisual. Tecnoloxías da información e da comunicación. Obstáculos e barreiras. Cooperación e competencia nos grupos.

Dinámicas de grupo. Fundamentos psicosociolóxicos aplicados ás dinámicas de grupo.

Equipo de traballo. Estratexias de traballo cooperativo. Organización e reparto de tarefas.

Detección e análise de problemas no traballo en equipo.

Traballo individual e traballo en grupo.

Recollida de datos: técnicas.

Avaliación da estrutura e dos procesos grupais.

Aplicación das técnicas de investigación social ao traballo con grupos.

Análise de estratexias e instrumentos para o estudo de grupos.

Sociometría básica.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Condución de reunións	21

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Conduce reunións e analiza os xeitos ou estilos de intervención e de organización en función das características das persoas destinatarias e do contexto.	SI
RA5 - Avalía os procesos de grupo e a propia competencia social para o desenvolvemento das súas funcións profesionais, e identifica os aspectos susceptibles de mellora.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbense os tipos de reunión e as funcións.
CA3.2 Descríbense as etapas do desenvolvemento dunha reunión.
CA3.3 Aplícanse as técnicas de moderación de reunións e xustifícase a súa aplicación.
CA3.4 Demostrouse a importancia da capacidade de expor ideas de xeito claro e conciso.
CA3.5 Descríbense os factores de risco e a posibilidade de sabotaxe dunha reunión, e xustifícanse as estratexias de resolución.
CA3.6 Valorouse a necesidade dunha información boa e diversa na convocatoria de reunións.
CA3.7 Descríbiuse a importancia da motivación e das estratexias empregadas, para conseguir a participación nas reunións.
CA3.8 Aplícanse técnicas de recollida de información e de avaliación dos resultados dunha reunión.
CA3.9 Demostráronse actitudes de respecto e tolerancia na condución de reunións.
0CA3.10 Valorouse a implicación de cada unha das persoas que forman parte do grupo, a capacidade para organizarse e resolver os conflitos que puidesen xurdir.
CA5.1 Selecciónanse os indicadores de avaliación.
CA5.4 Deseñáronse instrumentos de recollida de información.
CA5.5 Rexístranse os datos en soportes establecidos.
CA5.6 Interpretáronse os datos recollidos.
CA5.7 Identifícanse as situacións que cumpren mellorar.
CA5.8 Marcáronse as pautas de mellora.

4.3.e) Contidos

Contidos
A reunión como forma de traballo en grupo.
Tipos de reunións e funcións.



Contidos

Etapas no desenvolvemento dunha reunión: preparación, inicio, desenvolvemento e finalización.

Técnicas de moderación de reunións.

Identificación da tipoloxía das persoas participantes nunha reunión.

Análise de factores que afectan ao comportamento dun grupo: boicot e colaboración.

Recollida de datos: técnicas.

Avaliación da competencia social.

Avaliación da estrutura e dos procesos grupais.

Análise de estratexias e instrumentos para o estudo de grupos.



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Xestión de conflitos e toma de decisións	22

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Pon en práctica estratexias de xestión de conflitos e resolución de problemas seleccionadas entre os modelos analizados en función das características do contexto.	SI
RA5 - Avalia os procesos de grupo e a propia competencia social para o desenvolvemento das súas funcións profesionais, e identifica os aspectos susceptibles de mellora.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse e identificáronse as principais fontes de problemas e de conflitos grupais.
CA4.2 Descríbense as principais técnicas e estratexias para a xestión de conflitos.
CA4.3 Identifícanse e descríbense as estratexias máis axeitadas para a procura de solucións e a resolución de problemas.
CA4.4 Descríbense as fases do proceso de toma de decisións.
CA4.5 Resolvéronse problemas e conflitos aplicando os procedementos adecuados a cada caso.
CA4.6 Respectáronse as opinións das demais persoas respecto ás vías de solución de problemas e conflitos.
CA4.7 Aplicáronse correctamente técnicas de mediación e negociación.
CA4.8 Tivéronse en conta as persoas usuarias, independentemente da súa idade e da súa condición física e mental, no proceso de toma de decisións.
CA4.9 Planificouse a tarefa de toma de decisións e a avaliación do proceso.
CA4.10 Valorouse a importancia do intercambio comunicativo na toma de decisións.
CA4.11 Valorouse a implicación de cada unha das persoas que forman parte do grupo, a capacidade para organizarse e resolver os conflitos que puidesen xurdir.
CA5.9 Realizouse unha avaliación derradeira do proceso traballado.

4.4.e) Contidos

Contidos
Valoración do conflito nas dinámicas grupais.
Análise de técnicas de resolución de problemas.
Proceso de toma de decisións.
Xestión de conflitos grupais. Negociación e mediación.
Aplicación das estratexias de resolución de conflitos grupais.
Valoración do papel do respecto e a tolerancia na resolución de problemas e conflitos.



Contidos
Valoración da autoavaliación como estratexia para a mellora da competencia social.



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos para acadar a avaliación positiva no presente módulo de Habilidades sociais evidenciarán a consecución de todos os resultados de aprendizaxe, que aparecen nesta programación, dun xeito equilibrado e cun grao de participación activa nos traballos e actividades a desenvolver.

Estes mínimos serán a referencia para configurar as probas das partes non superadas, así como as probas de avaliación extraordinaria do alumnado con perda de avaliación continua e guiarán o procedemento da avaliación ordinaria do módulo.

Os mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva neste módulo son os seguintes:

CA1.2 - Valorouse a importancia das habilidades sociais no desempeño do labor profesional.

CA1.4 Identificáronse os estilos de comunicación, as súas vantaxes e as súas limitacións.

CA1.5.2 Púxose en práctica o manexo dos elementos da comunicación verbal e non verbal nunha situación concreta

CA1.6 Estableceuse unha eficaz comunicación para asignar tarefas, recibir instrucións e intercambiar ideas ou información.

CA1.7 Utilizáronse as habilidades sociais adecuadas á situación e atendendo á diversidade cultural.

CA1.10 Valorouse a importancia da autocrítica e da autoavaliación no desenvolvemento de habilidades de relación interpersonal e de comunicación axeitadas.

CA1.11 Actuouse desenvolvendo actitudes e comportamentos axeitados cara o medio físico: orde, limpeza, coidado dos recursos,....

CA1.12 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación coas persoas: verbais e non verbais.

CA1.13 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación ao traballo: participación.

CA2.1 Describíronse os elementos fundamentais dun grupo, a súa estrutura, a súa dinámica e os factores que os poidan modificar.

CA2.2.1 Analizouse o funcionamento do grupo a través de diversas técnicas

CA2.2.2 Seleccionáronse técnicas de dinamización de grupo

CA2.4 Diferenciáronse os papeis que se poden dar nun grupo e as relacións entre eles.

CA2.5 Identificáronse as principais barreiras da comunicación grupal.

CA2.7 Definiuse o reparto de tarefas como procedemento para o traballo en grupo.

CA2.8 Valorouse a importancia dunha actitude tolerante e de empatía para conseguir a confianza do grupo.

CA2.10 Respectáronse as opinións diferentes da propia e os acordos de grupo.

CA3.1 Describíronse os tipos de reunión e as funcións.

CA3.3 Aplicáronse as técnicas de moderación de reunións e xustificouse a súa aplicación.

CA3.4 Demostrouse a importancia da capacidade de expor ideas de xeito claro e conciso.

CA3.6 Valorouse a necesidade dunha información boa e diversa na convocatoria de reunións.

CA3.8 Aplicáronse técnicas de recollida de información e de avaliación dos resultados dunha reunión.

CA3.9 Demostráronse actitudes de respecto e tolerancia na condución de reunións.

CA4.1 Analizáronse e identificáronse as principais fontes de problemas e de conflitos grupais.

CA4.3 Identificáronse e describíronse as estratexias máis axeitadas para a procura de solucións e a resolución de problemas.

CA4.5 Resolvéronse problemas e conflitos aplicando os procedementos adecuados a cada caso.

CA4.6 Respectáronse as opinións das demais persoas respecto ás vías de solución de problemas e conflitos

CA4.7 Aplicáronse correctamente técnicas de mediación e negociación.

CA4.8 Tivéronse en conta as persoas usuarias, independentemente da súa idade e da súa condición física e mental, no proceso de toma de decisións.



CA4.9 Planificouse a tarefa de toma de decisións e a avaliación do proceso.

CA5.1 Seleccionáronse os indicadores de avaliación.

CA5.3 Autoavaliouse a situación persoal e social de partida.

CA5.4 Deseñáronse instrumentos de recollida de información.

CA5.5 Rexistráronse os datos en soportes establecidos.

CA5.6 Interpretáronse os datos recollidos.

CA5.7 Identificáronse as situacións que cumpra mellorar.

CA5.8 Marcáronse as pautas de mellora.

CA5.9 Realizouse unha avaliación derradeira do proceso traballado.

Os criterios de avaliación incluídos nos propios resultados de aprendizaxe figuran en cada unidade didáctica, e asemade tomando como referencia as actividades de ensino e aprendizaxe, guiarase ao alumno ou alumna no xeito máis idóneo para que poidan saber como deben evidenciar os seus coñecementos, destrezas e actitudes para acadar a avaliación positiva.

Ademais, avaliarase a forma de proceder e a actitude do alumno ou alumna en todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O/a alumno/a será informado dos criterios de avaliación que serán aplicados, así como do nivel mínimo que se considera suficiente para alcanzar a avaliación positiva, sendo estes un claro referente para a súa avaliación e constituíndo unha guía para o alumnado en cada unidade didáctica.

Tamén será informado dende o comezo do curso do contido desta programación e de todo o referente ó proceso de ensinanza-aprendizaxe.

As actividades de avaliación poderán ser elixidas entre as previstas como actividades de ensino e aprendizaxe para cada unidade didáctica ou ser de nova proposición por parte do docente, dándose indicacións precisas sobre aquelas que deba realizar, constituíndo o marco guía para a propia avaliación do alumno ou da alumna.

A planificación da avaliación tanto de unidades didácticas como do módulo no seu conxunto ten como fin comparar os resultados dos alumnos e alumnas cos criterios de avaliación de cada unidade e cos resultados de aprendizaxe do módulo, como un referente obrigado.

Ao longo de todo o módulo de Habilidades sociais levarase un proceso de avaliación continua e integral do alumno que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe, este seguimento farase diariamente tanto de xeito individualizado como nas relacións interpersoais e traballo en grupo segundo os criterios de avaliación contidos nas distintas unidades didácticas, tendo en conta os seguintes CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN TRIMESTRAIS:

A) AVALIACION DE CONTIDOS CONCEPTUAIS: Realizarase mediante probas teórico-práctica: 60% da cualificación do módulo.

As probas poderán ser escritas e/ou orais, en función da materia a avaliar e serán de diverso tipo: test, preguntas breves, de desenvolvemento, análise e resolución de casos prácticos, conclusións e reflexións sobre vídeos ou reportaxes visionados na aula. No caso de que se realice máis dunha proba por trimestre é requisito imprescindible obter unha nota media de 5 puntos entre elas, sendo a cualificación mínima para facer a media 4 puntos.

Si o alumno/a non se presentase á proba teórico práctica, só se admitirá xustificante dun especialista médico por motivos de saúde que certifique a imposibilidade de acudir á proba.

É preciso subliñar que os criterios para avaliar as PROBAS TEORICO-PRACTICAS (escritas e/ou orais) serán os seguintes:



- ¿ Elaboración da totalidade dos apartados solicitados na proba.
- ¿ Organización, estrutura e coherencia das respostas.
- ¿ Os contidos desenvolto polo alumno/a axustáanse aos enunciados das preguntas.
- ¿ Capacidade de resolución con criterio e rigurosidade dos supostos prácticos propostos.
- ¿ Capacidade de executar as actividades prácticas (individuais ou en grupo) propostas na aula.
- ¿ Presentación, organización e lexibilidade da proba
- ¿ Emprego dunha linguaxe técnica e precisa.
- ¿ Capacidade de relacionar conceptos e capacidade de análise e síntese.
- ¿ Capacidade do alumno/a para relacionar o estudado, con todo aquilo comentado/visionado (video, DVD) na clase, é dicir, é significativo que non solo nos ciñamos aos apuntamentos e saibamos aplicar o que comentamos na clase á proba.

As datas das probas teórico-prácticas serán fixadas pola profesora unha vez establecido o calendario de avaliación polo centro.

No caso de que o alumno/a empregue medios fraudulentos para aprobar a proba escrita conlevará automaticamente o suspenso da mesma. Así mesmo, non se permitirá a entrada á proba teórico-práctica, unha vez que de comezo a realización da mesma.

B) AVALIACION DE CONTIDOS PROCEDIMENTAIS (30% da cualificación do módulo): serán avaliados a través de traballos de investigación, tarefas individuais ou en grupo, propostas e realización de sesións prácticas (role-playing, dinámicas individuais e/ou grupais)

As actividades e/ou tarefas individuais e en grupo levaráanse a cabo na aula e/ou fóra dela, e deberán ser entregados en tempo e forma acordado, sendo condición imprescindible para obter unha cualificación positiva no módulo.

Non se valorará a entrega de actividades ou traballos individuais ou en grupo en cuxo proceso se empregaran medios fraudulentos, conlevando o suspenso dos mesmos.

Na realización de traballos ou actividades en grupo na aula, ao compoñente que non asista, restarásele puntuación da nota final do traballo por cada falta de asistencia.

Para a valoración das ACTIVIDADES INDIVIDUAIS se terán en conta os seguintes criterios específicos, elixidos segundo a temática da mesma, pola profesora:

- ¿ Estructuración e organización dos apartados da actividade
- ¿ Profundidade, coherencia, claridade expositiva e rigurosidade na proposta dos contidos presentados.
- ¿ Capacidade de selección, aplicación e axuste dos contidos teóricos traballados á práctica solicitada na tarefa
- ¿ Emprego de terminoloxía axeitada na redacción dos contidos elaborados.
- ¿ Elaboración de todos os apartados solicitados na actividade
- ¿ Ampliación dos contidos traballados mediante a aportación de referencias bibliográficas, páxinas web, videos e/ou outros recursos complementarios
- ¿ Orixinalidade, creatividade na organización, na proposta e/ou recursos da actividade.
- ¿ Viabilidade na práctica.
- ¿ Nivel de expresión escrita.
- ¿ Elección axeitada dos materiais e actividades.
- ¿ Presentación de conclusións e sentido crítico
- ¿ Coidado da estética e presentación da actividade



No caso de que a actividade individual sexa a realización dunha sesión práctica ou se teña que expoñer na aula, a realización da mesma levarase a cabo sen lectura directa, valorándose tamén a capacidade de expresión verbal e o emprego dos termos técnicos estudados na clase, así como a importancia de ter unha comunicación verbal e non verbal axeitada. No suposto caso de que o alumno/a non asistise á sesión práctica ou a exposición conlevaría unha cualificación negativa na valoración de dita actividade.

Si nalgún trimestre non se realizara algunha das actividades (individual ou en grupo) a súa porcentaxe acumularíase á actividade realizada, ou ben engadiríase á proba teórico-práctica conforme ao criterio da docente.

Nas ACTIVIDADES EN GRUPO, ademais dos aspectos recollidos nas actividades individuais valorarase:

- ¿ Autonomía do grupo para a búsqueda e selección da información.
- ¿ Utilización de soportes TIC na presentación ou exposición da actividade.
- ¿ Material aportado polo grupo
- ¿ Aplicación de propostas metodolóxicas axeitadas para a posta en práctica das tarefas ou se fose o caso obradoiros.
- ¿ Funcionalidade dos rexistros de observación empregados para a valoración das actividades
- ¿ Repartimento das tarefas e a coordinación dos membros do grupo no desenvolvemento das actividades e o coñecemento de todas as partes do mesmo.
- ¿ Implicación na tarefa e aproveitamento do tempo estipulado na aula para desenvolver a mesma por parte do alumno/a
- ¿ Coordinación na actuación dos membros do grupo e participación dos diferentes membros no desenvolvemento do traballo, así como na súa presentación ante os compañeiros, no caso de que o profesor así o requira.

Queda ao criterio do/da profesor/a cualificar aos distintos membros do grupo cunha nota diferente se estima que a súa implicación e aproveitamento foi insuficiente nalgún caso: ausencias continuas e sen xustificación, incumprimento das directrices aportadas polo docente, erros graves e reiterativos a pesar do asesoramento por parte do/da profesor/a, baixa ou nula implicación nas diferentes fases e apartados para a súa elaboración.

Se o grupo tivese que realizar unha EXPOSICION das actividades, farase según as seguintes consignas:

- ¿ A decisión sobre a parte que corresponde expoñer a cada un dos membros do grupo, será da docente inmediatamente antes da mesma
- ¿ Nivel de dominio, expresión oral e soltura dos contidos expostos, así como a capacidade de análise e síntesis da información aportada.
- ¿ Emprego de diferentes recursos e exemplos
- ¿ Expresión dos contidos, presentación e realización do resumo da exposición e capacidade de resposta na quenda de preguntas.
- ¿ Realización da exposición sen lectura directa
- ¿ A asistencia as exposicións é OBRIGATORIA para todos os alumnos/as e serán materia obrigatoria das probas teórico-prácticas de cada unha das avaliacións. No suposto caso de que o alumno/a non asistise ás exposicións conlevaría unha cualificación negativa na valoración de dito traballo.

DADA A IMPORTANCIA DO CARÁCTER FUNDAMENTALMENTE PRACTICO DO MODULO, E ESENCIAL PARA PODER SUPERALO, A PARTICIPACIÓN, A ACTITUDE E AS HABILIDADES SOCIAIS QUE DEMOSTRE O ALUMNO/A EN TODAS AQUELAS ACTIVIDADES TEÓRICO/PRÁCTICAS QUE SE PROPOÑAN NA AULA. NO CASO CONTRARIO A CUALIFICACIÓN SERIA NEGATIVA NO MÓDULO.

A profesora seleccionará os items pertinentes dos mencionados anteriormente para facer a valoración dos traballos individuais/grupo así como



para os obradoiros e exposicións en función do tipo de actividade traballada.

C) AVALIACION DE CONTIDOS ACTITUDINAIS (10% da cualificación do módulo): Para estes contidos valorarase:

- ¿ Responsabilidade no traballo: puntualidade na aula, ou nas actividades realizadas fóra do centro, mostrar interese, aproveitamento do tempo na clase, constancia na execución das tarefas, escoita activa e actitude atenta durante a exposición da profesora, dos compañeiros ou outros profesionais. Aceptación e cumprimento das normas e as responsabilidades asignadas nas actividades da aula. Fai un uso axeitado do móbil na aula: só excepción por urxencia debidamente comunicada e permiso para uso académico.
- ¿ Iniciativa e autonomía: Argumenta as decisións e mostra seguridade na execución das actividades solicitadas, participa na clase e aporta novas ideas e propostas. Toma decisións e é autosuficiente ante a aparición de problemas ou falta de recursos.
- ¿ Metodoloxía ,orden e pulcritude: realiza e presenta os traballos con pulcritude, emprega os materiais da aula co debido coidado e contribúe a que estén en orden, aporta os apuntamentos e os materiais necesarios para o desenvolvemento das tarefas encomendadas pola docente na aula ou fóra dela.
- ¿ Participación do traballo en equipo: participa activamente no desenvolvemento de actividades e colabora con outras persoas do equipo de traballo facendo propostas e tomando a iniciativa, busca o consenso entre diferentes puntos de vista na toma de decisións.
- ¿ Habilidades sociais , comunicativas: dispoñe de habilidades para comunicarse co neno/a cun trato e atención axeitados, acepta os requirimentos da docente referente as súas actitudes e /ou conduta e as reorienta cando é pertinente, dirixese e resposta a profesora e aos compañeiros con respecto e de maneira axeitada. Respeita as diferenzas: móstrase cordial, tolerante coas ideas dos demais e coopera cos diferentes membros do grupo de traballo dos que teña que formar parte. Evita enfrontamentos cos compañeiros da clase.

Dada a aplicación práctica do módulo, dicir que en ningún caso superarán a avaliación aqueles alumnos/as que a súa cualificación neste apartado sexa negativa ou inferior a 5. Suporán un 10% da cualificación final do módulo.

SERÁ NECESARIO PARA SUPERAR O MODULO UNHA PUNTUACIÓN MINIMA DE 5, TANTO NA PARTE CONCEPTUAL COMO NA PROCEDIMENTAL E ACTITUDINAL

O alumno/a para acadar a avaliación positiva e polo procedemento de avaliación continua deberá ter unha asistencia regular ás clases. Asemade, para poder practicar o sistema de avaliación continua o alumno/a deberá participar de forma satisfactoria en tódolos proxectos a realizar e acadalos resultados de aprendizaxe nos mínimos estándar establecidos.

Será necesario alcanzar un mínimo (5 puntos) das cualificacións requiridas (tanto en conceptos, procedementos e actitudes) para superar o módulos. A nota obtida na proba final será a que quede reflectida, independentemente das notas parciais obtidas durante o curso, sempre baixo o criterio da docente. Para superar o módulo o alumno/a deberá ter cada unha das avaliacións aprobadas.

O proceso de avaliación supoñerá o emprego dos seguintes instrumentos de avaliación:

- ¿ Cuestionarios, que faciliten a identificación dos coñecementos previos dos alumnos e alumnas ao inicio del módulo.
- ¿ Escalas de estimación, para a avaliación das actividades individuais e/ou de grupo desenvolvidas ao longo das unidades didácticas.
- ¿ Escalas de estimación que avalíen a actitude participativa, o interese e a responsabilidade dos alumnos e das alumnas.
- ¿ Probas individuais escritas (ou orais), nas que figurarán cuestións de diferente tipo: de elección, de resposta curta e/ou de desenvolvemento, casos prácticos, imáxes, fotografías nas que os/as alumnos/as reflectirán tanto os seus coñecementos de tipo teórico coma práctico.

É preciso matizar que na práctica docente, levarase a cabo na aula actividades encamiñadas a clarificar, consolidar ou reforzar os contidos da unidade didáctica que se esté a traballar ou desenvolver. Estas actividades non teñen como finalidade cualificar ao alumno/a senon favorecer os aspectos anteriormente mencionados



A cualificación acadada en cada avaliación calcularase sumando a nota resultante dos distintos instrumentos de avaliación en cada unidade didáctica, tendo en conta a obrigatoriedade de ter superados todos os mínimos esixibles para poder obter unha cualificación positiva. Todas as unidades didácticas deberán ser superadas cunha puntuación de 5 puntos

No caso de que o alumno ou alumna non acade unha cualificación positiva nas avaliacións parciais terá a posibilidade de realizar unha proba escrita de carácter teórico-práctico para a súa recuperación.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No caso de que o/a alumno/a non acade unha cualificación positiva nas avaliacións parciais realizará as actividades de recuperación que establecerá o/a profesor/a de forma individualizada atendendo ás características do alumno/a e coa finalidade de acadar os obxectivos do módulo. As actividades de recuperación irán encamiñadas a reforzar e consolidar aspectos relacionados coa realización da proba escrita (dúbdas, orientacións sobre a temática do módulo) e de ser o caso, a elaboración de actividades, supostos prácticos e tarefas semellantes aos propostos durante o curso.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, nas modalidades de ensino presencial cumprirá a asistencia do alumnado ás actividades programadas para os distintos módulos profesionais do ciclo formativo.

O número de horas do módulo é de 123 horas, aínda así, a perda do dereito á avaliación continua non supón a perda do dereito a seguir asistindo a clase.

O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación. Cando o alumno alcance esa porcentaxe de faltas de asistencia nun módulo perderá o dereito á avaliación, non podendo examinarse por avaliacións parciais, tendo que realizar unha proba extraordinaria.

A proba extraordinaria realizarase en xuño e constará dunha parte teórica e doutra práctica. A parte teórica abranguerá as tres avaliacións e polo tanto a totalidade dos contidos prescritos para este módulo. Para acadar o aprobado desta parte é requisito imprescindible aprobar a parte correspondente a cada avaliación cunha nota mínima de 5, pola contra o exame estará suspenso (non se efectuará a media entre as avaliacións). A parte práctica consistirá na realización dunha serie de exercicios ou supostos prácticos correspondentes ao módulo a examinarse. Poderá



solicitarse do alumno que amose o dominio das aprendizaxes a través da realización de actividades simuladas e da exposición oral dos exercicios ou supostos prácticos requeridos.

Para superar o módulo é condición imprescindible obter como mínimo un 5 en cada unha das partes teórica e práctica, non existindo a posibilidade de facer media entre ambas as dúas probas, nin de gardar parte aprobada se fose o caso.

O contido e forma das probas serán diferentes das empregadas na avaliación ordinaria segundo o criterio da profesora.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O procedemento fundamental para levar a cabo o seguimento da programación e a avaliación da práctica docente será a autoavaliación da práctica educativa. A avaliación corresponde, en primeiro lugar, ao/a profesor/a, que se enfrontará a todas as súas tarefas e funcións cunha actitude crítica permanente. De igual xeito, no equipo docente do ciclo formativo e no departamento didáctico, en actitude recíproca de participación colectiva, intercambiaranse puntos de vista, analizarase, deliberarase e chegarase a acordos que enriquezan mutuamente a práctica docente. Este procedemento pode estar complementado coas estimacións que o alumnado realice. O/A profesor/a provocará e favorecerá a avaliación desde o alumnado medindo desde eles o acerto das súas intervencións.

Os aspectos da programación que se someterán a seguimento son:

- Os obxectivos: A concreción dos mesmos e a adecuación aos resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación da programación do módulo e do currículo do mesmo.
- Os contidos de aprendizaxe: A adecuada selección e secuenciación dos mesmos ao longo das unidades didácticas.
- As actividades docentes: Prestando especial atención á coherencia das actividades propostas coa liña metodolóxica que se considera máis adecuada para cada aprendizaxe e ao deseño e aplicación dunhas actividades diversificadas para favorecer os distintos ritmos de aprendizaxe.
- O clima e as relacións na aula: Valorando as interaccións que se producen no grupo, as situacións en que esas interaccións perturban o clima da aula e os procesos de aprendizaxe, a autonomía do alumnado, a adecuación da organización espacial e dos agrupamentos ás características do grupo e do traballo que se realiza.
- Os medios e recursos: uso e rentabilidade que se consegue.
- O sistema de avaliación que se aplica para valorar ao alumnado, así como o propio sistema de avaliación da práctica docente.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, o profesor realizará unha avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Procurarase obter información sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.



No inicio do curso é importante coñecer a cada alumno en particular é ó grupo en xeral; información persoal, ocupacional, intereses, expectativas, limitacións... que cambiarán ó longo do curso e permitirán ó profesor reorientar a programación. Trátase de información que afecta ó proceso de ensino-aprendizaxe.

Esta información poderá proceder, entre outras:

Cuestionario de avaliación inicial

Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados. Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.

Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.

Da experiencia profesional previa.

Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.

Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

Como profesor do módulo de Habilidades Sociais dedicarei os primeiros días de clase á observación e rexistro das circunstancias que poidan resultar rechamantes co obxecto de poder detectar calquera dificultade que poida ter o alumnado e que sexa susceptible de ser abordada na sesión de avaliación inicial.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A LOMCE mantén no seu art. 71 o establecido na LOE sobre a obriga da Administración de dispoñer os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional. Segundo a LOMCE o alumnado poden requirir unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas da aprendizaxe, TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, correspondendo á Administración a responsabilidade de asegurar os recursos necesarios para a súa adecuada escolarización.

No territorio de Galicia entendemos como reforzo educativo o conxunto de medidas educativas deseñadas polo profesor/a e dirixidas a axudar ao alumnado nas súas dificultades escolares ordinarias, tratándose sobre todo de medidas que requiren flexibilidade metodolóxica.

Na programación do módulo de Habilidades sociais considéranse as seguintes medidas de apoio educativo para aqueles alumnos que presenten necesidades específicas:

- Situar ao alumno con necesidades específicas nos grupos nos que mellor poida traballar cos seus compañeiros. Para iso deben aproveitarse as interaccións e axudas que de forma espontánea se producen en todos os grupos; pero ademais será necesario potenciar e desenvolver intencionalmente estas interaccións.
- Introducir métodos e técnicas de ensino-aprendizaxe específicas para traballar determinados contidos, sexan individuais ou compartidos co grupo.
- Utilizar técnicas, procedementos e instrumentos de avaliación distintos dos do grupo de referencia, por exemplo substituír unha proba escrita por unha oral ou viceversa.
- Incorporar, nas actividades de ensino-aprendizaxe e avaliación, o tipo de axuda máis axeitado para o alumno. Por exemplo, axudas visuais (presentarlle información gráfica ou escrita que complemente as instrucións ou informacións orais), axudas persoais (compañeiros,



profesores, auxiliares educativos, intérpretes, expertos, etc...).

- Introducir actividades individuais, ben alternativas ou ben complementarias, para conseguir obxectivos comúns ao grupo de referencia. Eliminar aquelas nas que non se beneficie ou non poida ter unha participación activa e real.
- Situar o alumno no lugar da aula no que se compensen ao máximo as súas dificultades e no que participe, o máis posible, na dinámica do grupo. Por exemplo, situar o alumno con dificultades de visión ou audición a unha determinada distancia da lousa ou do profesor.
- Proporcionar ao alumno o mobiliario específico que precise. Por exemplo, mesas con altura regulable para facilitar a súa utilización por alumnos en cadeira de rodas.
- Proporcionar ao alumno os equipamentos e recursos materiais específicos que necesite. Por exemplo un teclado de ordenador alternativo.
- Incorporar axudas específicas para que o alumno poida utilizar os materiais da aula. Por exemplo, carcacas para os teclados de ordenadores, programas especiais de ordenador para manexar o teclado e o rato, etc.
- Adaptar os materiais escritos de uso común na aula para que poidan ser utilizados polo alumno. Modificacións na forma e no contido. Por exemplo aumentar o tipo e tamaño da letra, incorporar gráficos, esquemas ou debuxos que axuden á comprensión do texto, etc.
- Facilitar, nas actividades habituais de ensino-aprendizaxe e avaliación, a utilización por parte do alumno que o precise do canle e sistema de comunicación máis adecuado para compensar as súas limitacións.
- Adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos ritmos e tempos individuais.

En calquera caso, as medidas deberán de ser individualizadas e polo tanto adaptadas ás necesidades concretas de cada caso, polo que despois da avaliación inicial ou en calquera momento do curso no que se detecte unha dificultade se porán en marcha os preceptivos mecanismos de reforzo, ou de ser o caso, solicitarase a axuda do equipo educativo e do departamento de información e orientación por se fose necesario dar un paso máis na concreción das medidas.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Desde a promulgación da Lei Orgánica 2/2006 de Educación incorporáronse as competencias básicas ao currículo, como un dos seus elementos máis salientables, esta incorporación das competencias básicas ao currículo é unha primeira aposta por achegar o sistema educativo ás esixencias internacionais. Unha das competencias introducidas é a competencia social e cidadán, básica para a comprensión da realidade na que se vive empregando o xuízo ético baseado nos propios valores e nas prácticas democráticas que deben presidir as nosas relacións. Enténdese que desde esta competencia o alumnado poderá afrontar dun xeito máis adecuado a convivencia coas demais persoas e o enfrontamento dos conflitos que poidan xurdir nas relacións.

Tendo en conta a Familia profesional na que se encadran estes estudos, desde o módulo de Habilidades Sociais non se fará unha programación específica da educación en valores por considerala unha parte esencial da formación dos futuros educadores infantís, de xeito que se tratará dun modo integral ao longo de todo o proceso de ensino aprendizaxe, promovendo que o alumnado sexa capaz de actuar con criterio propio, contribuíndo á paz e á democracia e mantendo actitudes construtivas, solidarias e responsables ante os dereitos e obrigas cidadáns.

Na relación profesor-alumnado así como na relación entre o alumnado promocionarase a actitude positiva, o interese, a colaboración cos compañeiros/as, a pertinencia das intervencións, o respecto ás regras sociocomunicativas e ás opinións das outras persoas.

O módulo de Habilidades Sociais traballa nos seus contidos o respecto á persoa como valor absoluto, e polo tanto o respecto as diferencias que supón relacionarse con calquera persoa individualmente: os nenos e nenas, a familia, outros profesionais... de diferentes culturas, niveis educativos, sexo, idades, capacidades...



9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ao longo do curso promoveranse, desde o módulo ou en colaboración con outros, diferentes actividades complementarias e extraescolares tendentes a unha adecuada consecución dos resultados de aprendizaxe previstas no currículo, na seguinte liña de actuación:

- Participación en charlas relacionadas coa temática do módulo e calqueira outra actividade que poida xurdir ao longo do desenvolvemento do curso

10.Outros apartados

10.1) np

np